

CIRCULAR PARA AS ANPAS E AS FAMILIAS SOBRE COMO ACTUAR CARA AS FINS DE SEMANA DE NOVEMBRO SEN DEBERES ESCOLARES.

CONFAPA-GALICIA, xunto con CEAPA, fixemos a proposta de que o vindeiro mes de novembro recuperemos o tempo libre dos nosos fillos e fillas durante as fins de semana e, con iso, o tempo familiar que precisamos para poder realizar actividades conxuntas e exercer mellor aínda a nosa función de pais e nais. Para continuar coa campaña de xeito correcto, imos explicar os pasos que propoñemos facer tanto a nivel persoal como grupal.

Antes do inicio do mes de novembro:

Como pais e nais: comunicar aos docentes dos vosos fillos e fillas, a través do seu titor ou titora, que solicite que non se encarguen deberes escolares para que sexan realizados nas fins de semana do mes de novembro. Para iso podedes atopar na páxina web (www.ceapa.es) un modelo de escrito que vos pode axudar (adxunta a esta circular), no que se inclúe a fundamentación que respalda o dereito a que sexa atendida de maneira positiva o voso escrito.

Como asociacións de nais e pais

- a) Convocar unha xuntanza cos pais e nais do alumnado do centro para lles explicar o obxectivo da campaña, os pasos a seguir e aportarlles os modelos de documentos para que poidan exercer os seus dereitos de maneira axeitada e satisfactoria.
- b) Comunicar á dirección do centro que a asociación de nais e pais, en representación destes, solicita que se explique no Claustro a campaña que realizan as familias e a necesidade de que os docentes colaboren nela.

Durante o mes de novembro:

Para as fins de semana sen deberes cómpre planificar actividades concretas cos vosos fillos. Se lles facemos chegar a mensaxe de que realizamos a campaña para recuperar tempo familiar e poder facer actividades con eles, é obvio que debemos facelas para que entendan a coherencia da nosa petición e podan comprobar que facemos o que decimos.

No caso de recibir resposta negativa á petición de non mandar deberes:

O profesorado, con carácter xeral, atenderá a vosa petición por dúas razóns: a inmensa maioría está dacordo coa campaña e non existe base legal que respalde unha negativa á vosa petición.

Porén, se a resposta fora negativa e vos dixeran que os deberes van ser encargados, recomendamos que fagades o seguinte:

1. Se a negativa é dalgun docente concreto: tentade falar con el e trasladarlle persoalmente a vosa petición. Se mantivera a súa decisión de mandar os deberes durante a conversa, tentade chegar a un acordo sobre o volume destes de tal xeito que poidan quedar resoltos na tarde do venres para preservar así a fin de semana.
2. Se a negativa é de varios docentes: tentade falar co titor ou titora coa mesma intención anterior, de tal xeito que se atope un acordo que preserve a fin de semana.
3. Se despois de tentar o anterior, non fora posible que atenderan as vosas razóns nin se chegase a un acordo, entón só vos quedaría a necesidade de tomar decisións de, ou ben desistir do voso intento (non volo aconsellamos porque renunciaríades a defender os dereitos dos vosos fillos e fillas así como os vosos, e iso tería consecuencias negativas a medio e longo prazo), ou priorizar as actividades familiares por riba dos deberes escolares durante as fines de semana de novembro.
4. Se finalmente tedes que priorizar as actividades familiares e relegar os deberes mandados, nunca lle digades aos vosos fillos e fillas que estes quedan sen facer por motivos que culpabilicen ao docente: o luns vltará a clase e pode resentirse a relación con el ou ella. É vital que non perciba enfrontamento ningún entre a súa familia e os seus docentes. Neste senso, as conversas que teñades co seu titor ou co centro educativo, tanto para solicitar que non se manden deberes como para realizar calquera outro tipo de actuación se estes son encargados, deberán realizarse sen a presenza dos vosos fillos e fillas.
5. Explicade aos vosos fillos e fillas que o tempo da fin de semana non permite atender todas as necesidades, algo que lle vai ocorrer en moitos momentos da súa vida e que nesas ocasións débense tomar decisións que terán consecuencias nun e noutro sentido. Falade con eles (é posible en calquera idade se utilizamos a linguaxe axeitada) e ofrecédelle a posibilidade de expresar a súa opinión e de tomar a decisión de xeito conxunto. Defender o seu dereito ó ocio e tempo libre non pode facerse a costa de vulnerar o seu dereito a participar na toma das decisións que atinxen directamente á súa vida.
6. Se eles priorizan os seus deberes, atendede a súa petición porque non ter obtido unha boa resposta desde o centro educativo non pode xustificar que desatendades as necesidades dos vosos fillos e fillas. Porén, tentade acordar con eles un tempo repartido de forma axeitada entre os deberes e as actividades familiares para a primeira fin de semana, incrementando o tempo familiar e diminuindo o adicado aos deberes nos seguintes, chegando a eliminar o tempo dos deberes cando menos na última de forma total ou case que total.
7. Cada luns entregade unha nota no centro educativo que explique os motivos polos que os deberes escolares quedaron sen facer, todos ou en parte. Sempre que sexa posible, facédeo directamente no centro a través dos vosos fillos e

Confederación Galega de Asociacións de Nais e Pais do Alumnado de Centros Públicos

CONFAPA GALICIA

(Fundada en 1987 polas Federaci3ns Provinciais de ANPAs de Centros P3blicos de A Coru3a, Lugo, Ourense e Pontevedra)

Integrada na Confederaci3n Espa3ola de Asociaciones de Madres y Padres del Alumnado, (CEAPA)

Integrada na Conf3d3ration Europ3enne des Parents de l'3cole Publique, (CEPEP)

R3a Orz3n, 21. 15003 A Coru3a Tlf. 981202002 - F3x. 981201962

Correo-e: confapagalicia@confapagalicia.org

CIF: G-15115165



Confederación Galega de ANPAs de Centros Públicos

Cofundadora e integrada na Confederación Española de AMPAs



fillas, agás que eles queiran.

Con relación a outras familias que queiran deberes para os seus fillos e fillas durante a fin de semana:

Todas as posicións son lexítimas se non vulneran o dereito dos demais. Na nosa opinión, os debres escolares vulneran os dereitos dos menores e das súas familias, pero quen os defenden consideran que iso non é así. Ámbalas dúas posturas pódense defender de maneira lexítima. Mais o que é seguro é que defender o dereito dos vosos fillos e fillas non se poderá facer de xeito correcto se vos relacionades de forma inadecuada coas outras familias. Para as que queiran manter as cousas como están, cando menos mentres non perciban claramente os beneficios de cambiar, pedímos respecto, o mesmo que lles pedimos a elas para a vosa posición.

Para que a vosa posición de non mandar deberes non sexa percibida como unha ameaza para o resto de familias que sí os queiran, dita petición deberá realizarse sen esixir que todos os demais alumnos deixen de telos tamén. Trátase de convencer coa demostración de que é mellor non ter deberes porque a educación mellora coa súa eliminación, non de impoñer isto aos demais.

Sobre o debate dunha suposta deslitiñación da autoridade docente con esta situación:

Hai quen afirman que con esta campaña cuestiónase a autoridade do docente. Iso non é certo por dúas razóns: se os docentes colaboran coa campaña (a meirande parte o fará de bo grado), non existirá conflito ningún e ninguén quedará cuestionado; por outra banda, de seguirse as recomendacións desta circular ninguén terá que sentirse deslitiñado en absoluto.

Sen embargo, non debemos esquecer que as nais e os pais temos a única autoridade que existe ao respecto do nosos tempo familiar. Polo tanto, se as nosas decisións neste terreo son desatendidas, somos nós os que vemos como é cuestionada a nosa autoridade. Defender os nosos dereitos nun espazo que nos corresponde en exclusiva é a nosa obriga.

Recuperemos o tempo familiar e devolvamos a esta sociedade un pouco do sentido común que perdeu nos últimos tempos dicindo NON AOS DEBERES.

20 de outubro de 2016

XUNTA DIRECTIVA

Confederación Galega de Asociacións de Nais e Pais do Alumnado de Centros Públicos

CONFAPA GALICIA

(Fundada en 1987 polas Federacións Provinciais de ANPAs de Centros Públicos de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra)

Integrada na Confederación Española de Asociaciones de Madres y Padres del Alumnado, (CEAPA)

Integrada na Confédération Européenne des Parents de l'École Publique, (CEPEP)

Rúa Orzán, 21. 15003 A Coruña Tlf. 981202002 - Fáx. 981201962

Correo-e: confapagalicia@confapagalicia.org

CIF: G-15115165